Abe Rábade, MBM Trío e Daniel García Trío, protagonistas da VII edición de Butaca de Jazz de Afundación

I Abe Rábade abrirá o ciclo o 14 de novembro cun recital de piano; MBM Trío, formado por Baldo Martínez, Antonio Bravo e Lucía Martínez, actuará o día 21, e Daniel García Trío pechará a programación o 28

I Butaca de Jazz acada a súa sétima edición con 21 concertos programados desde 2019 e consolídase como unha das citas de referencia do jazz en Galicia

I Toda a recadación destinarase ao programa «Cultura por alimentos» da Obra Social de ABANCA e FESBAL

02.11.2026. A Sede Afundación da Coruña acolle este mes de novembro a sétima edición de Butaca de Jazz, o ciclo da Obra Social de ABANCA que fusiona o jazz tradicional e o contemporáneo. Con 21 concertos programados desde 2019, Butaca de Jazz converteuse nunha cita fixa do outono musical coruñés e, unha vez máis, aposta polo jazz feito desde Galicia. Serán tres sábados e tres concertos protagonizados por Abe Rábade, MBM Trío e Daniel García Trío. As entradas xa están dispoñibles a través de Ataquilla.com.

A presentación do ciclo tivo lugar hoxe na Sede Afundación da Coruña coa participación de Antonio Bravo, guitarrista de MBM Trío; Inés Portela, de Mada Producións; o presidente do Banco de Alimentos provincia da Coruña, Manuel Mora; e a coordinadora da Sede Afundación da Coruña, Beatriz Aler.

O pianista compostelán Abe Rábade abrirá o ciclo o sábado 14. O sábado 21 chegará MBM Trío, formado polos músicos galegos Baldo Martínez, Antonio Bravo e Lucía Martínez. O 28 pechará a programación Daniel García Trío, liderado polo pianista

salmantino, unha das voces máis recoñecibles do jazz europeo actual, nun concerto programado a través do catálogo da Plataforma Jazz España. Todos os concertos celebraranse ás 20.00 h no auditorio da Sede Afundación da Coruña (Cantón Grande, 8).

Desde a súa primeira edición, o ciclo combina a calidade musical coa presenza de artistas galegos e de fóra de Galicia. Polo seu escenario pasaron nomes galegos de referencia como María Toro, Xan Campos, Paco Charlín, Sumrrá ou Manuel Gutiérrez, xunto a propostas como as de Jeff Ballard Trio, Chicuelo-Mezquida ou Carmen Vela.

Abe Rábade, a soas co piano

Abe Rábade (Santiago de Compostela, 1977) ofrecerá un recital de piano só, o formato máis íntimo do seu repertorio. Licenciado *cum laude* en Composición de Jazz e Interpretación Pianística polo Berklee College of Music de Boston en 1999, é autor de máis de 200 composicións en estilos como o jazz, a música clásica, a experimental e as músicas do mundo. Publicou dezaseis discos como líder e estreou dúas obras sinfónicas, *Tránsitos* e *Tempos Velados*, ademais de tres obras poético-musicais.

Lidera o seu propio trío desde 1996 e é codirector artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, ademais de profesor na Universidade de Aveiro (Portugal) e na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela. Entre os seus recoñecementos figuran o Premio Tete Montoliu ao Pianista Revelación da SGAE e os galardóns Claire Fischer Award e Piano Performance Award do Berklee College of Music.

MBM Trío: tres firmas do jazz galego

MBM Trío é o grupo que Baldo Martínez (contrabaixo), Antonio Bravo (guitarra) e Lucía Martínez (batería e percusión) formaron en 2009 e que supón unha das grandes achegas ao jazz contemporáneo feito en Galicia e en España. Os tres coincidiran antes en distintas formacións, sobre todo no Projecto Miño dirixido por Baldo Martínez, pero é en MBM onde a súa música se desenvolve de forma máis libre, con composicións orixinais dos seus tres integrantes. Lonxe do clásico trío de jazz con solista e sección rítmica, o

grupo aposta por un contrapunto entre os tres instrumentos, cun repertorio que vai de marcos de certa densidade harmónica e rítmica ao *free jazz* e á libre improvisación.

Baldo Martínez, un dos músicos máis representativos do jazz contemporáneo feito en España, colaborou con figuras como Kenny Wheeler, Paolo Fresu ou Joachim Kühn. Antonio Bravo, natural de Ribeira e asentado en Santiago desde 2018 tras as súas etapas en Madrid e Berlín, tocou con Maria João ou Jorge Pardo e en festivais como os de San Sebastián, Getxo ou Múnic. Lucía Martínez completou estudos superiores de percusión clásica en España e de jazz no Porto, e un máster en Batería e Composición na Universidade das Artes de Berlín, co premio *summa cum laude*. Compartiu escenario con músicos como Perico Sambeat ou Carlos Bica, e coa Real Filharmonía de Galicia.

Daniel García Trío, Premio Plataforma Jazz España

O concerto de Daniel García Trío forma parte do Premio Plataforma Jazz España. O pianista, compositor e produtor salmantino desenvolveu unha linguaxe propia na que conviven o jazz contemporáneo, as raíces ibéricas e a música clásica. Formado no Conservatorio Superior de Castela e León e bolseiro despois polo Berklee College of Music, onde foi alumno de Danilo Pérez, colaborou con artistas como Arturo Sandoval, Jorge Drexler, Dhafer Youssef, Greg Osby ou Antonio Lizana. En 2024 foi nomeado como Mellor Artista Europeo pola Académie du Jazz de Francia, e a súa música soou en escenarios como a Elbphilharmonie de Hamburgo, Ronnie Scott's de Londres, o Bimhuis de Ámsterdam ou o Blue Note Place de Toquio.

Na Coruña presentará *Wonderland*, o seu proxecto co selo alemán ACT, xunto ao contrabaixista cubano Reinier Elizarde «El Negrón» e o batería Michael Olivera. Afundación programa este concerto en colaboración coa Plataforma Jazz España, a asociación sen ánimo de lucro que reúne festivais, programadoras e programadores e feiras de jazz de toda España.

«Cultura por alimentos»

Os tres concertos de Butaca de Jazz forman parte do programa solidario «Cultura por alimentos», desenvolvido pola Obra Social de ABANCA en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). A recadación íntegra pola venda de entradas destinarase ao Banco de Alimentos da Provincia da Coruña. Ademais, as persoas asistentes poderán colaborar depositando alimentos non perecedoiros nos colectores dispostos para tal fin na Sede Afundación. As doazóns serán distribuídas por FESBAL entre familias en risco de exclusión da Coruña e a súa área de influencia.

Imaxes dispoñibles nesta ligazón

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa SALA DE PRENSA.